

Rama de coñecemento	Xurídico-social
Prazas ofertadas	35
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	10
Presencialidade	Presencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O Máster universitario en necesidades específicas de apoio educativo (MUNEAE) comezou a impartirse no curso 2010/2011 coa intención de ofertar unha formación avanzada e multidisciplinaria orientada á especialización profesional na intervención nas dificultades de aprendizaxe específicas, así como ás derivadas dos trastornos no desenvolvemento e do contexto social e cultural. Supón unha vía de especialización para os graduados/as que pretendan dedicarse ao amplo campo da atención ás necesidades educativas, permitíndolles mellorar os seus coñecementos, estratexias, procedementos e actitudes para traballar no ámbito da educación especial. Ofrécelles a oportunidade de formarse para dar respostas axustadas ás necesidades de apoio educativo e á actividade física de poboacións especiais, poder desenvolver sistemas de avaliación e intervención que fomenten a mellora na calidade de vida das persoas e aprender a comunicarlles adecuadamente o resultado dos seus programas aos usuarios/as, a outros profesionais, ás familias e á sociedade en xeral.

Perfil de ingreso recomendado

O estudantado debe mostrar interese polo ámbito da atención á diversidade e ao traballo con persoas con diversas problemáticas (discapacidade intelectual, autismo e trastornos afíns, xordeira, cegueira, limitacións na mobilidade, problemas de aprendizaxe etc.). Debe ter capacidade para o traballo en equipo e coñecemento ou experiencia no ámbito educativo, da psicoloxía, da pedagogía e da actividade física e deportiva. Así mesmo, necesítase ter un bo manexo do español, nocións básicas de inglés e coñecemento de TIC a nivel de usuario/a.

As titulacións que dan acceso ao mestrado son os títulos en Educación Primaria e Infantil, Pedagogía, Psicoloxía, Psicopedagogía e en Actividade Física e Deporte, despois de valorar o seu expediente académico. Tamén poderán acceder as persoas con titulacións universitarias que acrediten experiencia formativa e profesional vinculada aos contextos educativos, tras valorar o seu expediente profesional.

Saídas profesionais

O Máster universitario en necesidades específicas de apoio educativo ten un carácter basicamente profesionalizador aínda que tamén dá acceso a programas de doutoramento. Trata de responder tanto á demanda de formación inicial dos novos graduados/as en Educación Primaria ou Infantil como ás necesidades de formación permanente dos/as actuais profesionais da docencia e a orientación escolar en exercicio. Procura, ademais, formación para un amplo abano de saídas profesionais: equipos multiprofesionais en atención temperá para centros de saúde e educativos, de concellos etc.; tratamento das necesidades educativas específicas en centros de educación primaria e secundaria; necesidades especiais na adolescencia, persoas adultas e terceira idade; investigación en centros públicos e privados para a innovación educativa (I+D+i); persoal asesor na elaboración de materiais didácticos etc.

Máis información

Coordinadora	Angeles Conde Rodríguez
Páxina web do mestrado	http://masterapoiioeducativo.webs.uvigo.es/
Páxina web do centro	http://feduc.webs.uvigo.es/
Código RUCT	4312440
Enlace ao RUCT	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4312440&actual=estudios
Teléfono	988 387 254
Enderezo electrónico	angelesconde@uvigo.es